

John Berger

xogar no vermello

John Berger (1926 - 2017) foi un escritor, crítico e artista londinense. É difícil diferenciar entre as tres facetas (de feito, non sería moi xusto). John Berger debuxaba palabras e escribía imaxes, pero, fundamentalmente, falaba sobre as diferentes formas de mirar.

Busca tódolos obxectos da túa casa que teñan cor vermella. Valen escalas tonais.*

Se estás mirando algo pero non estás segurx de que poida considerarse cor vermella, cólleo. Se ves que dis, parece que isto é casi rosa pero gustábame collelo, pois cólleo tamén!

Pide permiso o axuda sempre que o vexas necesario; estás desmontando a casa e é boa cousa que esteades tdxs de acordo. Pero eh, se intentan convencerte de que non, ti intenta convencer de que si.

Busca algún sitio amplo onde poidas traballar cos obxectos, por exemplo, o corredor. Mais se ves que algún é tan grande que non se pode mover, como un sofá ou a neveira, achégate onda el.

Ordena a túa selección mediante os diferentes vermellos. Podes comezar polos máis clariños, os máis laranxas ou os máis escuros... coma ti gustes.

Observa os diferentes tipos de vermello que tes. Busca a que outras cousas poden lembrarte, ou se te decataras que eses elementos tiñan xusto ese tipo de vermello.

Obviamente, cada persoa pode escoller un tipo de asociacións diferentes, dependendo da súa experiencia. Podes pensar en que outras cousas coñeces que teñan unha cor similar. Ese de aí semella unhas fresas ou, ese outro, parécese á bufanda que leva o avó cando acatarra... Pero tamén poden ser cuestións máis complexas e podes falar de percepcións e sensacións aínda máis subxectivas.

Agora colle un papel e algo para escribir. Pide axuda se o precisas ou podes animar a alguén máis a participar contigo. Podes moverte de onde están os obxectos e sentarte

***O valor é a intensidade luminosa dunha cor (a cantidade de luz que pode reflectir unha superficie). Resumindo, o que adoitamos chamar como máis clariño e máis escuro.**

a escribir noutro lugar máis cómodo.

Lista palabras que relaciones coa cor vermella. Poden ser obxectos, froitas, flores ou sensacións. Realacións directas ou indirectas, de carácter máis simbólico. Incluso cousas que ti consideres que deberían ser vermellas pero que non o son. E situacións, incluso situacións.

Toma o tempo que precisas.

Hai quen pregunta se a cor vermella podería considerarse un obxecto en si mesma. Ten demasiado peso (ou igual o xusto) e unha potencia suficiente para desviar o teu ollo en contraste co resto. Pero non xera aversión.

Seguramenta non sexan moitas as cousas vermellas que tes na casa, pero igual son máis das que pensabas.

Agora, volta coa túa lista.

Mira de novo os obxectos.

Pensa se podes relacionar algún deles con algunha das palabras escritas. Se tes sitio, podes probar a facer un esquema, un mapa grande, e ir agrupando así os elementos e as palabras.

Agora tes claro canto cabe, igual, nunha pinga de cor vermella. Podes xogar a pensar canto cabe no azul ou que tipo de cor é, é unha cor que trae frío? é calmada? ou igual é todo o contrario? E o amarelo? podes pensar no sol e no millo... Pero pode tamén que as túas vinculacións sexan totalmente diferentes.

Escolle tres cores.

Agora escolle algo que relaciones con cada cor. Non ten que etsra na casa, algo que ti consideres.

Debuxa, escribe un pequeno relato, saca unha fotografía.... de cada un deses cores-idea. Sen dicir cal é, tratando de simbolizalo.

Logo podes probar a a ver se o resto adiviñan :)



El cuaderno de Bento, John Berger

*BUT close-up it is this:
the wounded red.*



(you have to look closely)

I see you this Cadmiun Red, John Berger